




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Paderne. Parroquia: San Pantaleón das Viñas. Extensión: 0,43km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Estreita unidade acantilada con depósitos areosos e lamacentos ao pé. Son cantís de parede vertical e teito plano ou moi suave que constitúe un resto da antiga superficie de erosión aplanada dos 100/200m.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Toda a unidade encóntrase no Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos, xistos e cuarzoístos, de idade precámbrico-silúrica. No Cuaternario destacan os depósitos intermareais.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Subhúmido caracterizado por medias anuais de temperatura por riba de 15°C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1000mm e 1200mm.

OS SOLOS

Solos de baixo desenvolvemento, en concreto umbrisois dísticos.


AS AUGAS

Unidade que verte á masa de Augas de Transición do Esteiro do Mandeo (20469). A vertente costeira ten escasa prolongación continental e fórmana pequenas valgas sen rede fluvial significativa.

O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa, vertentes da península da Insua e fondos mariños próximos incluídos no LIC Betanzos-Mandeo. Trátase dunha unidade mixta con cantís e praias intermareais ao pé. Destacan o hábitat 1230 de cantís atlánticos e o 1210 de Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, que se desenvolve nas plataformas e praias de pé.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A maior parte do solo desta unidade paisaxística dedícase a labores de cultivo agrícola, cunha estrutura de terrazas para salvar a lixeira pendente que se xera entre a cota 85, o punto máis elevado do alto do Castro, e a cota 30, aproximadamente onde se abandonan os cultivos para dar paso á vexetación atlántica costeira que recubre os cantís litorais. Estas masas forestais, que están presentes en todo o perímetro costeiro da unidade teñen un desenvolvemento maior na súa parte central, onde penetran case até o trazado da estrada N-651. Os dous sistemas, tanto o agrícola como o forestal, presentan unha continuidade espacial na práctica totalidade da súa superficie, só interrompida no primeiro caso polo núcleo da Insua. Tamén cabe destacar os labores marisqueiros que se realizaban na chaira intermareal lamacente do bordo meridional, conservándose incluso a parcelación da mesma.

MORFOLOXÍA

O único asentamento que se atopa nesta unidade é o da Insua, situado a media ladeira na faldra oeste do alto do Castro, aproximadamente a 50 metros sobre o nivel do mar. Trátase dun núcleo de orixe tradicional que se estrutura en dous agrupacións, separados uns 150m., composta cada unha delas por un tecido relativamente compacto de vivendas de tipoloxía tradicional. O crecemento que experimentou este núcleo está máis relacionado coas novas infraestruturas de comunicación (o trazado da N-651, que pasa p'roxima ao núcleo) que cos patróns tradicionais de crecemento dos asentamentos vinculados a labores produtivos. Ao longo da N-651 xurdiron novas edificacións, algunhas delas de clara vocación urbana (vivenda colectiva) así como certas construcións (especialmente vivenda unifamiliar illada) diseminadas no territorio, ocupando o que antes eran parcelas de cultivo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A N-651 cruza a unidade de norte a sur, paralelamente á costa e seguindo aproximadamente a cota 45, bordeando polo sur o núcleo da Insua. É importante tamén a presenza da AC-164, que cruza a Ría de Betanzos pola Ponte do Pedrido e entra na unidade polo seu límite sur para conectarse coa N-651. Exceptuando estas dúas infraestruturas, o resto do territorio segue apoiándose nos mesmos camiños que servían para acceder as diferentes parcelas agrícolas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O exemplo de patrimonio arqueolóxico rexistrado nesta unidade é o Castro de Montecelo, que limita a unidade cara ao oriente. No referente a patrimonio construído, están catalogados a Casa do Parque de Sabio (vinculada ás parcelas de marisqueo da desembocadura do río) e a Ponte do Pedrido, construída entre os anos 1939 e 1942 polo prestixioso enxeñeiro Eduardo Torroja.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase pola presenza do núcleo da Insua, que ten unha importante presenza no territorio debido á súa situación. Tamén é característico desta paisaxe a presenza de "parcelas de marisqueo" na chaira intermareal, a xeito de continuación da estrutura parcelaria terrestre. Esta conforma outra das principais singularidades do territorio, xa que reflicta como a substitución de actividades produtivas por outras de carácter forestal ou residencial impóñense a unha estrutura parcelaria preexistente. A presenza da Ponte do Pedrido condiciona tamén notablemente a personalidade desta paisaxe.

DINÁMICA DA PAISAXE

O territorio da Insua non sufriu modificacións profundas nin nos seus usos nin na súa morfoloxía, a maiores daquelas que, con maior ou menor intensidade, prodúcense na práctica totalidade do territorio costeiro de Galicia. O retroceso da intensidade da actividade agrícola supuxo un paulatino abandono de certas parcelas, especialmente daquelas que se encontraban máis afastadas do núcleo de referencia. Deste xeito, se antes a terra estaba cultivada ata a mesma liña de costa, na actualidade áchase esta franxa repoboada con especies vexetais costeiras, que nalgúns casos expándense ata acadar a traza da estrada N-651. Aparecen tamén fenómenos de urbanización desconectada do núcleo tradicional, ben sexa vinculados á estrada N-651 ou dispersos no territorio, con tipoloxías xeralmente alleas aos tradicionais labores produtivos da terra.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A mellor maneira de ler a paisaxe da Insua é considerándoa dentro do conxunto que forma na embocadura da ría de Betanzos. Presenta trazos naturais de alto valor, como as superficies de marisma que se desenvolven aos pés dos cantís que conforman o seu litoral. Tamén é especialmente valiosa a vexetación atlántica costeira, que presenta unha continuidade practicamente interrompida ao longo de toda a fronte marítima. Todas estas características foron tidas en consideración á hora de incluír este tramo de costa no LIC Betanzos-Mandeo, polo que están protexidas pola Rede Natura 2000 e a Rede de Espazos Naturais de Galicia. Ademais, considerando a configuración singular da península da Insua e especialmente o seu extremo final como fito xeográfico presente no imaxinario colectivo, figura recollida no Plan de Ordenación do Litoral como Espazo de interese paisaxístico. Precisamente esta forma alongada da unidade permite establecer puntos de observación no extremo norte (no alto da Modia, en Punta Xurelos) e no sur (en Ponte do Pedrido), que posibilitan perspectivas lonxitudinais cruzadas do territorio que facilitan a comprensión e entendemento da paisaxe da zona interior da ría de Betanzos.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

1. Asentamentos dispersos seguindo o trazado da N-651, coa finalidade de evitar procesos de ocupación espontánea do litoral que banalicen a paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



